

ACTA**Expediente nº:**

JGL/2020/7

Órgano Colexiado:

A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN**Tipo Convocatoria**

Ordinaria

Data

24 de setembro de 2020

Duración

Dende as 13:40 ata as 14:30 horas

Lugar

Sala de Reunións

Presidida por

Manuel Cuiña Fernández

Secretario

María Fernanda Montero Parapar

Interventor

Leopoldo Moure Dopico

ASISTENCIA A SESIÓN**DNI****Nombre y Apellidos****Asiste**

77404245E

Angela Troitiño Gil

Sí

76801683Z

Antonio Ferro Losada

Sí

35251841V

Jesus Taboada Lazara

Sí

76816828W

Mónica González Conde

Sí

Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o Presidente abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

A) PARTE RESOLUTIVA**Aprobación del acta de la sesión anterior 17/10/2020****Favorable****Tipo de votación:** Unanimidad/Asentimiento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta:- 17 de

Concello de Silleda

setembro de 2020.

Expediente 1336/2020. APROBACIÓN DE BASES PARA A SELECCIÓN DUN/HA TRABALLADOR/A SOCIAL EN PRÁCTICAS DENTRO DO PROGRAMA “O TEU PRIMEIRO EMPREGO”

Favorable

Tipo de votación: Unanimidad/Asentimiento

Vistas as BASES DO PROGRAMA DE FOMENTO DA EMPREGABILIDADE NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA “O TEU PRIMEIRO EMPREGO” NOS CONCELLOS 2020 publicadas no BOP de Pontevedra, en data 19 de xuño de 2020.

Visto que por Decreto 439/2020, de 1 de xullo se solicitou unha subvención ao abeiro das bases referidas.

Visto que este concello foi seleccionado para participar como entidades colaboradoras no programa de fomento da empregabilidade na provincia de Pontevedra “O teu primeiro emprego” nos concellos 2020.

Examinadas as Bases para a contratación en prácticas dun/dunha traballador/social, redactadas polo Axente de Emprego e Desenvolvemento Local, en data 17 de setembro de 2020.

Logo de ver o informe número 013 /2020 emitido emitido pola Secretaría da Corporación con data de 21 de setembro, e visto o informe de intervención de data 18/09/2020.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, adoptou o presente acordo:

PRIMEIRO: Aprobar as bases para a contratación en prácticas dun/dunha TRABALLADOR/A, ao abeiro do programa do fomento empregabilidade na provincia de Pontevedra “O TEU PRIMEIRO EMPREGO” CONCELLOS 2020 polo Axente de Emprego e Desenvolvemento Local, co contido que se establece no Anexo I.

SEGUNDO: Convocar o presente proceso de selección.

TERCEIRO: Publicar as bases íntegras no Taboleiro de Edictos e na sede electrónica do Concello de Silleda para a súa axeitada difusión, así como dar conta ao pleno na seguinte sesión que se celebre.

CUARTO.- Nomear aos seguintes membros do Tribunal:

Presidente: Leopoldo Moure Dopico
Vogais: María Fernanda Montero Parapar
Celia González Peteiro



Soledad Rey Asorey
Rosa García Fernández
Secretario con voz e sen voto: David García Lareo

ANEXO I

BASES PARA A CONTRATACIÓN EN PRÁCTICAS DUN/UNHA TRABALLADOR/A SOCIAL, AO ABEIRO DO PROGRAMA DO FOMENTO EMPREGABILIDADE NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA "O TEU PRIMEIRO EMPREGO" CONCELLOS 2020.

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.-

Constitúe o obxecto da convocatoria a provisión dunha praza de TRABALLADOR/A SOCIAL EN PRÁCTICAS, ao abeiro das bases reguladoras do PROGRAMA DO FOMENTO EMPREGABILIDADE NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA "O TEU PRIMEIRO EMPREGO" CONCELLOS 2020. A contratación é como persoal en prácticas, a xornada completa: A persoa seleccionada, será beneficiaria dunha contratación en prácticas a tempo completo polo Concello de Silleda, de acordo coa normativa vixente, e tendo en conta que, en todo caso, o contrato deberá formalizarse antes do 7 de outubro 2020

2.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA E DURACIÓN DO CONTRATO

Serán funcións a desempeñar polo/a contratado/a (*sempre tendo en conta que se trata dun contrato en prácticas*), as previstas na vixente lexislación, así como as que lle poidan encomendar a Alcaldía e os concelleiros/as delegados/as que garden relación coa súa función principal:

Graduado/a en Traballo Social: Baixo a supervisión do súa titora, co seu seguimento (en aras a unha efectiva aplicación da lei de protección de datos e o regulamento que a desenvolve) colaborará nas seguintes tarefas:

- Atención e información a aquelas persoas que acudan aos Servizos Sociais.
- Derivación a outros recursos si é necesario.
- Tramitación, gravación, valoración e seguimento en Dependencia.
- Axuda na coordinación do SAF municipal (altas e baixas, programación, coordinación coa entidade adjudicataria do Servizo, control de horas...)
- Estar ao corrente das novidades relativas á Servizos Sociais, así como dos programas informáticos relativos a Servizos Sociais.

As funcións detalladas teñen un carácter enunciativo, podendo serlle asignadas calquera outras propias da súa categoría profesional.

A duración do contrato será de seis meses, podendo ser prorrogado por outros seis.

As retribucións brutas mensuais serán fixadas segundo o disposto Bases do programa de fomento da empregabilidade na provincia de Pontevedra "O teu primeiro emprego" nos Concellos 2020, publicadas no BOP número 117, de 19 de xuño.

3.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES.-

Con carácter xeral, para ser admitidos/as nas probas selectivas, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ser español/a ou nacional dun Estado membro da Unión Europea, ou nacional de calquera dos Estados aos que, en virtude de Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. Tamén serán



admitidas aquelas persoas ás que fai referencia o artigo 57, relativo ao acceso ao emprego público de nacionais doutros Estados, da Lei 7/2007 de 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público.

- b) Ter cumpridos 18 anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas do posto ao que se aspira, non padecendo enfermidade ou defecto físico que impida o normal desempeño das funcións que lle son propias. No caso de ser seleccionado/a para o posto, acreditarase mediante certificado médico. No caso de que se teña condición de discapacitado e a súa compatibilidade, acreditarase coa oportuna certificación. Os aspirantes con discapacidade, farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas.
- d) Non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións públicas nin atoparse inhabilitado para o desenvolvemento de empregos ou cargos públicos. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público. De ser seleccionado/a para o posto, acreditarase mediante declaración formal baixo xuramento ou promesa.
- e) Estar en situación de demandantes de emprego desempregados ou co cartón de mellora de emprego, inscritos no Servizo Público de Emprego e que cumpran os requisitos esixidos para a formalización dun contrato en prácticas, a saber:

1.- Estar en posesión de título universitario ou de formación profesional de grao superior ou títulos oficialmente recoñecidos como equivalentes, de acordo coas leis reguladoras do sistema educativo vixente, que habiliten para o exercicio profesional

2.- Non transcorrer máis de cinco anos, ou máis de sete cando o contrato se realice cunha persoa con discapacidade, desde a terminación dos estudos

3.- Non estar e non ter estado contratadas en prácticas pola mesma ou distinta persoa física ou xurídica por tempo superior a un ano

4.- Non ter experiencia laboral previa na titulación, grupos 1 ou 2 para universitarios e grupos 3 ou 5 para os ciclos superiores

- f) Estar en posesión do título de grao en Traballo Social.

Os requisitos anteriormente establecidos deberán posuírse polos/as aspirantes no momento da finalización do prazo de presentación de instancias, debendo manterse as mesmas durante todo o período selectivo.

O mesmo tempo e antes do inicio da actividade obxecto desta convocatoria, estará suxeito/a ao réxime de incompatibilidades que determinen as disposicións vixentes (Lei 53/84 de 26 de decembro e concordantes).

4.- SISTEMA DE SELECCIÓN

O sistema de selección dos aspirantes será o de concurso de méritos.



5.- PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN.-

O procedemento de selección será o establecido nas Bases do programa de fomento da empregabilidade na provincia de Pontevedra “O teu primeiro emprego” nos Concellos 2020, publicadas no BOP número 117, de 19 de xuño.

A selección efectuarase entre persoas demandantes de emprego desempregadas ou coa tarxeta de mellora de emprego, inscritas no Servizo Público de Emprego e que cumpran os requisitos esixidos para a formalización dun contrato en prácticas.

O ámbito de busca de emprego de cada concello non poderá superar o nivel provincial.

Deste xeito, por parte do Concello enviarase a oferta de emprego ao Servizo Público de Emprego, quen preseleccionará as persoas candidatas segundo as titulacións dos postos de traballo que van ocupar e a razón destas contratacións en prácticas. As persoas preseleccionadas deberán presentar instancia dirixida o Sr. Alcalde-Presidente (segundo modelo que figura como ANEXO I das presentes bases) na que se poña de manifesto que coñece e acepta as presentes bases e reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos nas mesmas. Deberá acompañarse copia do DNI ou, no seu caso, de documento equivalente expedido pola autoridade competente, así como documentación acreditativa de méritos.

Esta instancia presentarase xunto coa documentación no Concello no prazo máximo concedido polo Servizo Público de Emprego na carta certificada enviada as persoas preseleccionadas.

Na páxina web da Deputación publicaranse as titulacións dos postos de traballo solicitados polo Concello e os criterios de valoración deste proceso selectivo.

Se ao tramitarse a oferta ao Servizo Público de Emprego non se atopasen persoas idóneas o procedemento a seguir será o seguinte, non sendo neste caso necesario a inscrición das persoas candidatas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia:

Por parte do Concello efectuarase convocatoria pública mediante a inserción dun anuncio nun dos xornais de maior tiraxe da provincia, (deberá saír publicado o domingo e co contido que se recollen nas bases do programa de emprego).

Publicado o anuncio os/as que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán presentar instancia dirixida o Sr. Alcalde-Presidente (segundo modelo que figura como ANEXO I das presentes bases) na que se poña de manifesto que coñece e acepta as presentes bases e reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos nas mesmas. Deberá acompañarse copia do DNI ou, no seu caso, de documento equivalente expedido pola autoridade competente, así como documentación acreditativa de méritos.

O prazo de presentación de solicitudes será de 5 días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria. A presentación das solicitudes faranse, na sede electrónica do Concello de Silleda (<http://silleda.sedelectronica.gal>) ou fisicamente, no Rexistro do Concello de Silleda, en horario de 9 a 14 horas en días laborables. Si o último día coincide en domingo ou festivo prorrogase ao día seguinte hábil.



Cando se envíen as proposicións por correo, o solicitante deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciarlle á Secretaría do Concello de Silleda a remisión da solicitude o mesmo día mediante un correo electrónico a dirección (secretaria@silleda.gal) que consigne o número de expediente, o título completo do obxecto da convocatoria e o nome do/a candidato/a.

6.- MODO DE ACREDITACIÓN DE MÉRITOS:

A) A instancia deberá ir acompañada da documentación acreditativa dos méritos: Os candidatos deberán presentar os seus méritos xunto coa instancia no Rexistro Xeral da Entidade, coas xustificacións documentais dos méritos que desexen alegar en relación co posto/función que se convoca.

B) Consecuencias do incumprimento do establecido no apartado anterior:

A non acreditación dos méritos alegados conforme se sinala no apartado anterior, determinará que estes non serán tidos en conta polo Tribunal nin se valorarán aínda que se acrediten fóra de prazo de presentación de instancias, xa que non poderá emendarse. Tampouco se requirirá aos interesados para que os acrediten.

ADMISIÓN DE CANDIDATOS

Rematado o prazo de presentación de instancias, o alcalde ditará resolución aprobando a lista de admitidos e excluídos, que se publicará no taboleiro de edictos do Concello, dispoñendo do prazo de 3 días naturais para emendar os defectos que motivaron a exclusión.

Na mesma resolución determinarase a data da reunión do tribunal cualificador.

7.- CRITERIOS DE SELECCIÓN:

O proceso de selección consistirá na valoración dos méritos acreditados polas persoas preseleccionadas polo Servizo Público de Emprego, e levarase a cabo conforme aos seguintes criterios, sendo 10 puntos a puntuación máxima:

a) Expediente académico: ata un máximo de 4,00 puntos, segundo a nota media calculada para as titulacións universitarias polo R. d. 1125/2003, de 5 de setembro, e para os ciclos de formación profesional polo R. d. 1147/2011, de 29 de xullo. No caso de que a media dalgunha das titulacións convocadas non estea calculada polas normas referidas ou esta non se especifique valorarase con 0,00 puntos

b) Por ter un doutoramento relacionado co contido da bolsa, 2,00 puntos

c) Por cada título oficial de máster universitario ou título propio da universidade de máster relacionado co contido da bolsa, 0,50 puntos cada un, ata un máximo de 1 punto

d) Por posuír unha titulación académica oficial distinta e relacionada co posto de traballo que se



vai desempeñar, de nivel igual ou superior á esixida para a formalización do contrato en prácticas, 0,50 puntos por título ata un máximo de 1 punto (neste apartado non se terán en conta as titulacións de nivel inferior que sexan necesarias para a obtención doutras de nivel superior nin as de máster ou doutoramento)

e) Por asistir a cursos de especialización, formación e perfeccionamento organizados por centros oficiais dependentes da Administración do Estado, da comunidade autónoma ou da Administración local, universidades, colexios oficiais ou escolas da Administración pública directamente relacionados co posto que se vai desempeñar (incluídos os organizados por sindicatos no marco do Acordo nacional de formación continua), ata un máximo de 2 puntos, que se computarán do seguinte xeito:

- a) De máis de 150 horas duración: 0,30 puntos por curso.
- b) De entre 100 e 150 horas de duración: 0,25 puntos por curso.
- c) De entre 60 e 99 horas de duración: 0,20 puntos por curso.
- d) De entre 30 e 59 horas de duración: 0,15 puntos por curso.
- e) De entre 10 e 29 horas de duración: 0,10 puntos por curso.

Non se terán en conta os certificados ou diplomas nos que non se especifique a duración do curso en número de horas ou créditos.

Tampouco se computarán as xornadas, congresos, seminarios ou cursos de duración inferior a dez horas.

O tribunal cualificador poderá requirirles ás persoas aspirantes que acrediten a verificación dos extremos recollidos na documentación presentada así como cantas precisións estimen oportunas.

En caso de empate entre as puntuacións das persoas aspirantes a orde de prelación determinarase dándolle preferencia á muller naqueles casos en que se produza unha infrarrepresentación do sexo feminino, nos termos establecidos no artigo 49 do Decreto legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Igualdade. En caso de que o citado precepto non resulte aplicable ou persista o empate tras a súa aplicación, resolverase o empate en función da nota media global do expediente académico e, de persistir este, pola puntuación acadada nos seguintes apartados. Caso de persistir o empate, resolverase a sorte.

8.- ÓRGANO DE SELECCIÓN.-

O Tribunal cualificador encargado da valoración dos méritos para a provisión por concurso de méritos do posto estará constituído por un número impar de membros, non inferior a TRES, debendo designarse o mesmo número de suplentes. Un dos membros actuará como Presidente e outro como Secretario do Tribunal. A súa composición axustarase ao previsto no art. 60 do



Estatuto Básico do Empregado Público.

A designación nominal dos membros do Tribunal, realizarase por Resolución da Alcaldía e publicarase no Taboleiro de Anuncios e na Páxina Web do Concello, xunto coa lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos. En dita Resolución tamén se fixará o lugar, data e hora na que se reunirá o tribunal a efectos de valoración dos méritos achegados polos/as aspirantes, así como lugar, data e hora da entrevista persoal e da realización da proba práctica. O tribunal non poderá actuar sen a asistencia da metade dos seus membros (titulares ou suplentes) e en todo caso a do Presidente e Secretario, ou dos seus suplentes.

O tribunal poderá solicitar a incorporación de asesores/as naquelas probas que aconsellen requirir a opinión de técnicos especialistas, así como colaboradores en tarefas de vixilancia e control de desenvolvemento das diferentes probas.

Os membros do Tribunal terán dereito pola súa concorrencia, ao pago das asistencias nas contías establecidas polo R.D. 462/2002 de 24 de maio sobre indemnizacións por razón de servizo, ou as actualizacións posteriores (orde do Ministerio de Economía e Facenda EHA/3770/2005/ de 1 de decembro).

Os membros do Tribunal quedan facultados para resolver as dúbidas que se lle presenten e tomar os acordos precisos para o desenvolvemento correcto do proceso de selección, así como aquelas que non estean previstas nas presentes bases.

As decisións adoptaranse por maioría simple dos membros asistentes.

9.- CUALIFICACIÓN E PROPOSTA DO TRIBUNAL CUALIFICADOR.

Rematada a cualificación dos/as aspirantes, o Tribunal publicará no taboleiro de anuncios da sede electrónica e no taboleiro da Casa do Concello a relación dos mesmos por orde da puntuación obtida, así como o nome e apelidos, xunto co DNI do/ha seleccionado/a para a provisión do posto, elevando proposta á Alcaldía-Presidencia quen efectuará a correspondente Resolución. Se os/as participantes non superasen as probas selectivas, o Tribunal declarará deserto o posto.

10.- SINATURA DE CONTRATO-

O/a seleccionado/a para o posto polo Tribunal, presentará no Rexistro do Concello, dentro do prazo que se estableza e a partir da publicación da lista de aprobados/as, os documentos acreditativos das condicións para tomar parte na convocatoria:

- a) Copia compulsada do DNI.
- b) Certificado médico orixinal acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico que imposibilite o normal exercicio das funcións correspondentes ao posto que se optou.
- c) Declaración xurada de non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública, nin estar inhabilitado para o exercicio de empregos ou cargos



públicos por sentencia firme.

Os aspirantes que fagan valer a súa condición de persoas con discapacidade, deberán presentar certificación dos órganos competentes que acrediten tal condición e igualmente deberán presentar certificado dos órganos ou da administración sanitaria acreditativo da capacidade para o desempeño das tarefas correspondentes.

Se o/a seleccionado/a para o posto non presentase a citada documentación dentro do prazo concedido, salvo causas de forza maior xustificadas, non poderá ser nomeado/a para o posto, quedando anuladas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidera incurrir por falsidade na solicitude. Nestes supostos ou no caso de renuncia por parte do/a candidato/as proposto/a que obtivera a máxima puntuación, poderá nomearse aos seguintes por orde de puntuación entre os candidatos/as. Así mesmo os/as aspirantes non seleccionados poderán entrar nunha bolsa de traballo –pola orde da súa puntuación- para posibles substitucións e ata a alta do/a titular da praza.

Unha vez comprobado que o/as aspirante proposto/a presentou a documentación esixida, o Sr. Alcalde-Presidente, resolverá o proceso selectivo e procederase á formalización do contrato laboral en prácticas, conforme ao previsto na vixente lexislación. Incorporarase ao seu posto de traballo no día seguinte da formalización do contrato laboral. Quen resulte nomeado/a para ocupar o posto quedará sometido/a ao réxime de incompatibilidades establecido na lexislación vixente.

9.- DISPOSICIÓN FINAL.-

O proceso selectivo regularase polo disposto nas presentes bases e no que non este previsto nelas, polo establecido na Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, Lei 7/2007 de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, Lei 5/97 de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, o Texto Refundido da Lei de función pública de Galicia, así como pola restante normativa estatal ou autonómica vixente, que sexa de aplicación por razón da materia.

A presente convocatoria e cantos actos administrativos dela se deriven, poderán ser impugnados polos/as interesados/as nos casos e no xeito previsto na lei 39/2015, así como na vixente lexislación da xurisdición contenciosa-administrativa

Silleda, á data da sinatura electrónica

ANEXO I

MODELO DE SOLICITUDE DE ADMISIÓN AO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN EN PRÁCTICAS DE UN/UNHA TRABALLADOR/A SOCIAL, AO ABEIRO DO PROGRAMA DO FOMENTO EMPREGABILIDADE NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA “O TEU PRIMEIRO EMPREGO” CONCELLOS 2020

D/D^a..... co D.N.I. núm....., con data e lugar de nacemento e con enderezo a efectos



de notificacións en do Concello de código postal provincia de teléfono núm, decatado/a da convocatoria para cubrir UNHA praza de traballador/a social en prácticas

SOLICITO ser admitido/a no proceso selectivo ao que se refire a presente convocatoria, declarando que son certos os datos consignados na mesma, que coñezo o contido das bases reguladoras da convocatoria e que na data da presentación da solicitude reúno todas as condicións e requisitos esixidos nas Bases.

Xunto coa presente solicitude, acompaño:

-Copia do D.N.I. ou documento equivalente expedido pola autoridade competente do país de orixe.

Outra documentación preceptiva:

- Expediente académico.
- Doutoramento relacionado co contido da bolsa
- Título oficial de máster universitario ou título propio da universidade de máster relacionado co contido da bolsa
- Titulación académica oficial distinta e relacionada co posto de traballo que se vai desempeñar, de nivel igual ou superior á esixida.
- Cursos de especialización, formación e perfeccionamento

En vista do que,

SOLICITA: Que se admita a presente solicitude, xunto coa documentación que se achega, para concorrer ao proceso selectivo incoado ao efecto da provisión do posto. Solicito a admisión para a realización das correspondentes probas selectivas.

Silleda a de de 2020.

Asdo.:

Expediente 1337/2020. APROBACIÓN DE BASES PARA A SELECCIÓN DUN/HA LIC EN CIENCIAS AMBIENTAIS EN PRÁCTICAS DENTRO DO PROGRAMA “O TEU PRIMEIRO EMPREGO”

Favorable

Tipo de votación: Unanimidad/Asentimiento

Vistas as BASES DO PROGRAMA DE FOMENTO DA EMPREGABILIDADE NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA “O TEU PRIMEIRO EMPREGO” NOS CONCELLOS 2020 publicadas no



BOP de Pontevedra, en data 19 de xuño de 2020.

Visto que por Decreto 439/2020, de 1 de xullo se solicitou unha subvención ao abeiro das bases referidas.

Visto que este concello foi seleccionado para participar como entidades colaboradoras no programa de fomento da empregabilidade na provincia de Pontevedra “O teu primeiro emprego” nos concellos 2020.

Examinadas as Bases para a contratación en prácticas dun/dunha licenciado/a ou graduado/a en ciencias ambientais, redactadas polo Axente de Emprego e Desenvolvemento Local, en data 17 de setembro de 2020.

Logo de ver o informe número 012 /2020 emitido emitido pola Secretaría da Corporación con data de 21 de setembro, e visto o informe de intervención de data 18/09/2020.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, adoptou o presente acordo:

PRIMEIRO: Aprobar as bases para a contratación en prácticas dun/dunha licenciado/a ou graduado/a en ciencias ambientais, ao abeiro do programa do fomento empregabilidade na provincia de Pontevedra “O TEU PRIMEIRO EMPREGO” CONCELLOS 2020 polo Axente de Emprego e Desenvolvemento Local, co contido que se establece no Anexo I.

SEGUNDO: Convocar o presente proceso de selección.

TERCEIRO: Publicar as bases íntegras no Taboleiro de Edictos e na sede electrónica do Concello de Silleda para a súa axeitada difusión, así como dar conta ao pleno na seguinte sesión que se celebre.

CUARTO.- Nomear aos seguintes membros do Tribunal:

Presidente: Leopoldo Moure Dopico

Vogais: María Fernanda Montero Parapar
Lino Doporto Framil
César Pereiras Cambón
Rosa García Fernández

Secretario con voz e sen voto: David García Lareo

ANEXO I

BASES PARA A CONTRATACIÓN EN PRÁCTICAS DE UN/UNHA LICENCIADO/A OU GRADUADO/A EN CIENCIAS AMBIENTAIS, AO ABEIRO DO PROGRAMA DO FOMENTO EMPREGABILIDADE NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA “O TEU PRIMEIRO EMPREGO” CONCELLOS 2020



1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.-

Constitúe o obxecto da convocatoria a provisión dunha praza de UN/UNHA LICENCIADO/A OU GRADUADO/A EN CIENCIAS AMBIENTAIS , ao abeiro das bases reguladoras do PROGRAMA DO FOMENTO EMPREGABILIDADE NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA “O TEU PRIMEIRO EMPREGO” CONCELLOS 2020 A contratación é como persoal en prácticas, a xornada completa: A persoa seleccionada, será beneficiaria dunha contratación en prácticas a tempo completo polo Concello de Silleda, de acordo coa normativa vixente, e tendo en conta que, en todo caso, o contrato deberá formalizarse antes do 7 de outubro do presente ano.

2.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA E DURACIÓN DO CONTRATO

Serán funcións a desempeñar polo/a contratado/a (sempre tendo en conta que se trata dun contrato en prácticas), as previstas na vixente lexislación, así como as que lle poidan encomendar a Alcaldía e os concelleiros/as delegados/as que garden relación coa súa función principal:

Licenciado/a ou graduado/a en Ciencias Ambientais: Baixo a supervisión do seu titor, co seu seguimento (en aras a unha efectiva aplicación da lei de protección de datos e o regulamento que a desenvolve) colaborará nas seguintes tarefas:

- a) Coordinación dos servizos municipais en relación co seu comportamento medioambiental.
- b) Implantación da normativa ambiental aplicable ao municipio.
- c) Aplicación dos criterios de sustentabilidade prefixados na Axenda 2030
- d) Control, realización e seguimento dos vectores ambientais no marco do municipio: subministración e saneamento das augas, calidade do aire, rúidos, residuos, enerxía, etc.
- e) Control e seguimento da zona verde urbana do municipio.
- f) Coordinación e auditoría ambiental do termo municipal.
- g) Xestión do seguimento dos recursos naturais e dos proxectos públicos e privados con incidencia potencial sobre estes: bosques, parques, torrentes, espazos agrícolas, corredores verdes, etc.

As funcións detalladas teñen un carácter enunciativo, podendo serlle asignadas calquera outras propias da súa categoría profesional.

A duración do contrato será de seis meses, podendo ser prorrogado por outros seis.

As retribucións brutas mensuais serán fixadas segundo o disposto Bases do programa de fomento da empregabilidade na provincia de Pontevedra “O teu primeiro emprego” nos Concellos 2020, publicadas no BOP número 117, de 19 de xuño.



3.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES.-

Con carácter xeral, para ser admitidos/as nas probas selectivas, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ser español/a ou nacional dun Estado membro da Unión Europea, ou nacional de calquera dos Estados aos que, en virtude de Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. Tamén serán admitidas aquelas persoas ás que fai referencia o artigo 57, relativo ao acceso ao emprego público de nacionais doutros Estados, da Lei 7/2007 de 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público.

b) Ter cumpridos 18 anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

c) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas do posto ao que se aspira, non padecendo enfermidade ou defecto físico que impida o normal desempeño das funcións que lle son propias. No caso de ser seleccionado/a para o posto, acreditarase mediante certificado médico. No caso de que se teña condición de discapacitado e a súa compatibilidade, acreditarase coa oportuna certificación. Os aspirantes con discapacidade, farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas.

d) Non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións públicas nin atoparse inhabilitado para o desenvolvemento de empregos ou cargos públicos. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público. De ser seleccionado/a para o posto, acreditarase mediante declaración formal baixo xuramento ou promesa.

e) Estar en situación de demandantes de emprego desempregados ou co cartón de mellora de emprego, inscritos no Servizo Público de Emprego e que cumpran os requisitos esixidos para a formalización dun contrato en prácticas, a saber:

1.- Estar en posesión de título universitario ou de formación profesional de grao superior ou títulos oficialmente recoñecidos como equivalentes, de acordo coas leis reguladoras do sistema educativo vixente, que habiliten para o exercicio profesional

2.- Non transcorrer máis de cinco anos, ou máis de sete cando o contrato se realice cunha persoa con discapacidade, desde a terminación dos estudos

3.- Non estar e non ter estado contratadas en prácticas pola mesma ou distinta persoa física ou xurídica por tempo superior a un ano

4.- Non ter experiencia laboral previa na titulación, grupos 1 ou 2 para universitarios e grupos 3 ou 5 para os ciclos superiores



f) Estar en posesión do Licenciado/a ou Graduado/a en Ciencias Ambientais.

Os requisitos anteriormente establecidos deberán posuírse polos/as aspirantes no momento da finalización do prazo de presentación de instancias, debendo manterse as mesmas durante todo o período selectivo.

O mesmo tempo e antes do inicio da actividade obxecto desta convocatoria, estará suxeito/a ao réxime de incompatibilidades que determinen as disposicións vixentes (Lei 53/84 de 26 de decembro e concordantes).

4.- SISTEMA DE SELECCIÓN

O sistema de selección dos aspirantes será o de concurso de méritos.

5.- PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN.-

O procedemento de selección será o establecido nas Bases do programa de fomento da empregabilidade na provincia de Pontevedra "O teu primeiro emprego" nos Concellos 2020, publicadas no BOP número 117, de 19 de xuño.

A selección efectuarase entre persoas demandantes de emprego desempregadas ou coa tarxeta de mellora de emprego, inscritas no Servizo Público de Emprego e que cumpran os requisitos esixidos para a formalización dun contrato en prácticas.

O ámbito de busca de emprego de cada concello non poderá superar o nivel provincial.

Deste xeito, por parte do Concello enviarase a oferta de emprego ao Servizo Público de Emprego, quen preseleccionará as persoas candidatas segundo as titulacións dos postos de traballo que van ocupar e a razón destas contratacións en prácticas. As persoas preseleccionadas deberán presentar instancia dirixida o Sr. Alcalde-Presidente (segundo modelo que figura como ANEXO I das presentes bases) na que se poña de manifesto que coñece e acepta as presentes bases e reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos nas mesmas. Deberá acompañarse copia do DNI ou, no seu caso, de documento equivalente expedido pola autoridade competente, así como documentación acreditativa de méritos.

Esta instancia presentarase xunto coa documentación no Concello no prazo máximo concedido polo Servizo Público de Emprego na carta certificada enviada as persoas preseleccionadas.

Na páxina web da Deputación publicaranse as titulacións dos postos de traballo solicitados polo Concello e os criterios de valoración deste proceso selectivo.

Se ao tramitarse a oferta ao Servizo Público de Emprego non se atopasen persoas idóneas o procedemento a seguir será o seguinte, non sendo neste caso necesario a inscrición das persoas candidatas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia:

Por parte do Concello efectuarase convocatoria pública mediante a inserción dun anuncio nun dos xornais de maior tiraxe da provincia, (deberá saír publicado o domingo e co contido que se



recollen nas bases do programa de emprego).

Publicado o anuncio os/as que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán presentar instancia dirixida o Sr. Alcalde-Presidente (segundo modelo que figura como ANEXO I das presentes bases) na que se poña de manifesto que coñece e acepta as presentes bases e reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos nas mesmas. Deberá acompañarse copia do DNI ou, no seu caso, de documento equivalente expedido pola autoridade competente, así como documentación acreditativa de méritos.

O prazo de presentación de solicitudes será de 5 días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria. A presentación das solicitudes faranse, na sede electrónica do Concello de Silleda (<http://silleda.sedelectronica.gal>) ou fisicamente, no Rexistro do Concello de Silleda, en horario de 9 a 14 horas en días laborables. Si o último día coincide en domingo ou festivo prorrogase ao día seguinte hábil.

Cando se envíen as proposicións por correo, o solicitante deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciarlle á Secretaría do Concello de Silleda a remisión da solicitude o mesmo día mediante un correo electrónico a dirección (secretaria@silleda.gal) que consigne o número de expediente, o título completo do obxecto da convocatoria e o nome do/a candidato/a.

6.- MODO DE ACREDITACIÓN DE MÉRITOS:

A) A instancia deberá ir acompañada da documentación acreditativa dos méritos: Os candidatos deberán presentar os seus méritos xunto coa instancia no Rexistro Xeral da Entidade, coas xustificacións documentais dos méritos que desexen alegar en relación co posto/función que se convoca.

B) Consecuencias do incumprimento do establecido no apartado anterior:

A non acreditación dos méritos alegados conforme se sinala no apartado anterior, determinará que estes non serán tidos en conta polo Tribunal nin se valorarán aínda que se acrediten fóra de prazo de presentación de instancias, xa que non poderá emendarse. Tampouco se requirirá aos interesados para que os acrediten.

ADMISIÓN DE CANDIDATOS

Rematado o prazo de presentación de instancias, o alcalde ditará resolución aprobando a lista de admitidos e excluídos, que se publicará no taboleiro de edictos do Concello, dispoñendo do prazo de 3 días naturais para emendar os defectos que motivaron a exclusión.

Na mesma resolución determinarase a data da reunión do tribunal cualificador.

7.- CRITERIOS DE SELECCIÓN:

O proceso de selección consistirá na valoración dos méritos acreditados polas persoas preseleccionadas polo Servizo Público de Emprego, e levarase a cabo conforme aos seguintes



critérios, sendo 10 puntos a puntuación máxima:

a) Expediente académico: ata un máximo de 4,00 puntos, segundo a nota media calculada para as titulacións universitarias polo R. d. 1125/2003, de 5 de setembro, e para os ciclos de formación profesional polo R. d. 1147/2011, de 29 de xullo. No caso de que a media dalgunha das titulacións convocadas non estea calculada polas normas referidas ou esta non se especifique valorárase con 0,00 puntos

b) Por ter un doutoramento relacionado co contido da bolsa, 2,00 puntos

c) Por cada título oficial de máster universitario ou título propio da universidade de máster relacionado co contido da bolsa, 0,50 puntos cada un, ata un máximo de 1 punto

d) Por posuír unha titulación académica oficial distinta e relacionada co posto de traballo que se vai desempeñar, de nivel igual ou superior á esixida para a formalización do contrato en prácticas, 0,50 puntos por título ata un máximo de 1 punto (neste apartado non se terán en conta as titulacións de nivel inferior que sexan necesarias para a obtención doutras de nivel superior nin as de máster ou doutoramento)

e) Por asistir a cursos de especialización, formación e perfeccionamento organizados por centros oficiais dependentes da Administración do Estado, da comunidade autónoma ou da Administración local, universidades, colexios oficiais ou escolas da Administración pública directamente relacionados co posto que se vai desempeñar (incluídos os organizados por sindicatos no marco do Acordo nacional de formación continua), ata un máximo de 2 puntos, que se computarán do seguinte xeito:

a) De máis de 150 horas duración: 0,30 puntos por curso.

b) De entre 100 e 150 horas de duración: 0,25 puntos por curso.

c) De entre 60 e 99 horas de duración: 0,20 puntos por curso.

d) De entre 30 e 59 horas de duración: 0,15 puntos por curso.

e) De entre 10 e 29 horas de duración: 0,10 puntos por curso.

Non se terán en conta os certificados ou diplomas nos que non se especifique a duración do curso en número de horas ou créditos.

Tampouco se computarán as xornadas, congresos, seminarios ou cursos de duración inferior a dez horas.

O tribunal cualificador poderá requirirles ás persoas aspirantes que acrediten a verificación dos extremos recollidos na documentación presentada así como cantas precisións estimen oportunas.

En caso de empate entre as puntuacións das persoas aspirantes a orde de prelación



determinarase dándolle preferencia á muller naqueles casos en que se produza unha infrarrepresentación do sexo feminino, nos termos establecidos no artigo 49 do Decreto lexislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Igualdade. En caso de que o citado precepto non resulte aplicable ou persista o empate tras a súa aplicación, resolverase o empate en función da nota media global do expediente académico e, de persistir este, pola puntuación acadada nos seguintes apartados. Caso de persistir o empate, resolverase a sorte.

8.- ÓRGANO DE SELECCIÓN.-

O Tribunal cualificador encargado da valoración dos méritos para a provisión por concurso de méritos do posto estará constituído por un número impar de membros, non inferior a TRES, debendo designarse o mesmo número de suplentes. Un dos membros actuará como Presidente e outro como Secretario do Tribunal. A súa composición axustarase ao previsto no art. 60 do Estatuto Básico do Empregado Público.

A designación nominal dos membros do Tribunal, realizarase por Resolución da Alcaldía e publicarase no Taboleiro de Anuncios e na Páxina Web do Concello, xunto coa lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos. En dita Resolución tamén se fixará o lugar, data e hora na que se reunirá o tribunal a efectos de valoración dos méritos achegados polos/as aspirantes, así como lugar, data e hora da entrevista persoal e da realización da proba práctica. O tribunal non poderá actuar sen a asistencia da metade dos seus membros (titulares ou suplentes) e en todo caso a do Presidente e Secretario, ou dos seus suplentes.

O tribunal poderá solicitar a incorporación de asesores/as naquelas probas que aconsellen requirir a opinión de técnicos especialistas, así como colaboradores en tarefas de vixilancia e control de desenvolvemento das diferentes probas.

Os membros do Tribunal terán dereito pola súa concorrencia, ao pago das asistencias nas contías establecidas polo R.D. 462/2002 de 24 de maio sobre indemnizacións por razón de servizo, ou as actualizacións posteriores (orde do Ministerio de Economía e Facenda EHA/3770/2005/ de 1 de decembro).

Os membros do Tribunal quedan facultados para resolver as dúbidas que se lle presenten e tomar os acordos precisos para o desenvolvemento correcto do proceso de selección, así como aquelas que non estean previstas nas presentes bases.

As decisións adoptaranse por maioría simple dos membros asistentes.

9.- CUALIFICACIÓN E PROPOSTA DO TRIBUNAL CUALIFICADOR.

Rematada a cualificación dos/as aspirantes, o Tribunal publicará no taboleiro de anuncios da sede electrónica e no taboleiro da Casa do Concello a relación dos mesmos por orde da puntuación obtida, así como o nome e apelidos, xunto co DNI do/ha seleccionado/a para a provisión do posto, elevando proposta á Alcaldía-Presidencia quen efectuará a correspondente Resolución. Se os/as participantes non superasen as probas selectivas, o Tribunal declarará deserto o posto.



10.- SINATURA DE CONTRATO-

O/a seleccionado/a para o posto polo Tribunal, presentará no Rexistro do Concello, dentro do prazo que se estableza e a partir da publicación da lista de aprobados/as, os documentos acreditativos das condicións para tomar parte na convocatoria:

- a) Copia compulsada do DNI.
- b) Certificado médico orixinal acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico que imposibilite o normal exercicio das funcións correspondentes ao posto que se optou.
- c) Declaración xurada de non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública, nin estar inhabilitado para o exercicio de empregos ou cargos públicos por sentenza firme.

Os aspirantes que fagan valer a súa condición de persoas con discapacidade, deberán presentar certificación dos órganos competentes que acrediten tal condición e igualmente deberán presentar certificado dos órganos ou da administración sanitaria acreditativo da capacidade para o desempeño das tarefas correspondentes.

Se o/a seleccionado/a para o posto non presentase a citada documentación dentro do prazo concedido, salvo causas de forza maior xustificadas, non poderá ser nomeado/a para o posto, quedando anuladas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidera incurrir por falsidade na solicitude. Nestes supostos ou no caso de renuncia por parte do/a candidato/as proposto/a que obtivera a máxima puntuación, poderá nomearse aos seguintes por orde de puntuación entre os candidatos/as. Así mesmo os/as aspirantes non seleccionados poderán entrar nunha bolsa de traballo –pola orde da súa puntuación- para posibles substitucións e ata a alta do/a titular da praza.

Unha vez comprobado que o/as aspirante proposto/a presentou a documentación esixida, o Sr. Alcalde-Presidente, resolverá o proceso selectivo e procederase á formalización do contrato laboral en prácticas, conforme ao previsto na vixente lexislación. Incorporarase ao seu posto de traballo no día seguinte da formalización do contrato laboral. Quen resulte nomeado/a para ocupar o posto quedará sometido/a ao réxime de incompatibilidades establecido na lexislación vixente.

11.- DISPOSICIÓN FINAL.-

O proceso selectivo regularase polo disposto nas presentes bases e no que non esté previsto nelas, polo establecido na Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, Lei 7/2007 de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, Lei 5/97 de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, o Texto Refundido da Lei de función pública de Galicia, así como pola restante normativa estatal ou autonómica vixente, que sexa de aplicación por razón da materia.

A presente convocatoria e cantos actos administrativos dela se deriven, poderán ser



impugnados polos/as interesados/as nos casos e no xeito previsto na ley 39/2015, así como na vixente lexislación da xurisdición contenciosa-administrativa

Silleda, a data da sinatura electrónica

ANEXO I

MODELO DE SOLICITUDE DE ADMISIÓN AO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN EN PRÁCTICAS DE UN/UNHA LICENCIADO/A OU GRADUADO/A EN CIENCIAS AMBIENTAIS, AO ABEIRO DO PROGRAMA DO FOMENTO EMPREGABILIDADE NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA “O TEU PRIMEIRO EMPREGO”

D/D^a..... co D.N.I. núm....., con data e lugar de nacemento e con enderezo a efectos de notificacións en do Concello de código postal provincia de teléfono núm, decatado/a da convocatoria para cubrir UNHA praza de arquitecto/a en prácticas

SOLICITO ser admitido/a no proceso selectivo ao que se refire a presente convocatoria, declarando que son certos os datos consignados na mesma, que coñece o contido das bases reguladoras da convocatoria e que na data da presentación da solicitude reúne tódalas condicións e requisitos esixidos nas bases.

Xunto coa presente solicitude, acompaño:

- Copia do D.N.I. ou documento equivalente expedido pola autoridade competente do país de orixe.
- Outra documentación preceptiva.
- Expediente académico.
- Doutoramento relacionado co contido da bolsa
- Título oficial de Máster universitario ou título propio da universidade de máster relacionado co contido da bolsa
- Titulación académica oficial distinta e relacionada co posto de traballo que se vai desempeñar, de nivel igual ou superior á esixida.
- Cursos de especialización, formación e perfeccionamento.

En vista do que,

SOLICITA: Que se admita a presente solicitude, xunto coa documentación que se achega, para concorrer ao proceso selectivo incoado ao efecto da provisión do posto. Solicito a admisión para a realización das correspondentes probas selectivas.



Silleda a de de 2020.

Asdo.:

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROGOS E PREGUNTAS

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

